

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 29 DE ABRIL DE 2022

Ás 10.00 horas do día 29 de abril de 2022, réunese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

O deputado de Democracia Ourenzana don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 5º da orde do día e non regresou.

A deputada do Grupo Socialista, dona Elvira Lama Fernández, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 6º da orde do día e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 25 DE MARZO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta da sesión anterior, así como da dilixencia de Secretaría Xeral para corrección de erros detectados, correspondente á ordinaria do 25 de marzo de 2022.

Non se producen intervencións e, por maioría (abstención de dona Elvira Lama por estar ausente na sesión), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 25 de marzo de 2022, coas seguintes correccións:

- Na relación de asistentes figura a deputada provincial do Grupo Socialista dona Elvira Lama Fernández, a cal debe figurar na relación de ausentes.
- Nos puntos 1º, 3º, 4º, 6º e 7º, os acordos adoptáronse por “maioría”, e non por “unanimidade” (o voto da deputada ausente debe computarse como abstención).
- No punto 5º os votos do Grupo Socialista foron oito (8) e non nove (9).

2º.-MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (GABINETE DE ASESORÍA XURÍDICA E ASISTENCIA A MUNICIPIOS)

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo (Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios), co seguinte contido:

- a) Suprimir o posto, coa súa correspondente praza, de interventor - asesor no Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios, coas seguintes características:

Denominación: Interventor asesor,

Categoría profesional: Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Estatal, Subescala Intervención - Tesourería. Grupo A1. Nivel 29.

Carácter: Posto non singularizado.

Forma de provisión: Concurso ordinario / unitario, segundo a normativa específica de provisión de postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional. Posto susceptible de asignación a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional da subescala indicada en caso de cesamento en postos de libre designación.

- b) Modificar a clasificación profesional dos seguintes postos do Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios que quedarán como segue:

1 Director/a do Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios,

Titulación requirida: grao en dereito ou equivalente.

Funcionario. Escala de administración especial, Subescala técnica, Clase técnico superior/ escala de administración xeral, subescala técnica. Categoría profesional: letrado/a da Deputación Provincial/técnico de administración xeral. Grupo A1. Nivel 29. Posto

singularizado. Forma de provisión: Concurso específico. Observacións: posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das comunidades autónomas, doutras entidades locais ou dos seus entes públicos vinculados ou dependentes, conforme c o previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da presente Relación de Postos de Traballo. Formación específica: para os técnicos de administración xeral, esixirase dispoñer da titulación de grao en Dereito ou equivalente.

1 Subdirector/a de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios.

Titulación requirida: grao en dereito ou equivalente.

Funcionario. Escala de administración especial, subescala técnica, Clase técnico superior/ escala de administración xeral, subescala técnica. Categoría profesional: letrado/a da Deputación Provincial /técnico de administración xeral. Grupo A1. Nivel 29. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico. Observacións: posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das comunidades autónomas, doutras entidades locais ou dos seus entes públicos vinculados ou dependentes, conforme c o previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da presente Relación de Postos de Traballo. Formación específica: para os técnicos de administración xeral, esixirase dispoñer da titulación de grao en Dereito ou equivalente.

1 Asesor/a xurídico/a.

Titulación requirida: grao en dereito ou equivalente.

Funcionario. Escala de administración especial, subescala técnica, Clase técnico superior/ escala de administración xeral, subescala técnica. Categoría profesional: letrado/a da Deputación Provincial/ técnico de administración xeral. Grupo A1. Nivel 28. Posto singularizado. Forma de provisión: Concurso específico. Observacións: posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das comunidades autónomas, doutras entidades locais ou dos seus entes públicos vinculados ou dependentes, conforme c o previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da presente Relación de Postos de Traballo. Formación específica: para os técnicos de administración xeral, esixirase dispoñer da titulación de grao en Dereito ou equivalente.

1 Letrado/a – asesor/a xurídico.

Funcionario. Escala de administración especial, subescala técnica, Clase técnico superior/ escala de administración xeral, subescala técnica. Categoría profesional: letrado/a da Deputación Provincial/ técnico de administración xeral. Grupo A1. Nivel 26. Posto non singularizado. Forma de provisión: Concurso ordinario. Observacións: posto susceptible de provisión mediante funcionarios de carreira da Administración do Estado, das comunidades autónomas, doutras entidades locais ou dos seus entes públicos vinculados ou dependentes, conforme c o previsto na determinación xeral 3, apartado 5, da presente Relación de Postos de Traballo.

2º) Someter a modificación inicialmente aprobada ao trámite de información pública por termo de vinte días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que estimen oportunas, que serán obxecto de resolución expresa polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

3º.- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA DEPUTACIÓN RELATIVA AO PERSOAL EVENTUAL.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra para lembrar unha entrevista no Programa “Salvados” realizada polo xornalista Jordi Évole ao presidente da Deputación na que a noticia destacada era que “José Jesús Cudeiro era gerente de Urbaourense, una empresa pública que fue a la quiebra y donde cobraba 75.000,00 € anuales, una cifra que supera la del Presidente del Gobierno. Ahora es asesor personal del Presidente de la Diputación de Ourense pero cobra menos de lo que cobraba según palabras del Presidente, y es que el sueldo anterior al Presidente de la Diputación le parece descabellado”. A continuación pregúntalle á Presidencia por que non cumpriu o que dixera nesa entrevista do ano 2013, xa que o Sr. Cudeiro se vai porque se xubila e non porque o decida o presidente,

que agora o tenta vender como un aforro para esta Administración, cando o mantivo como asesor todos estes anos. Neste punto ademais modifícase o posto de asesor de proxectos estratéxicos da Presidencia, e a persoa que ocupa o posto, don Bernardino González, en menos de catro anos ve case duplicado o seu salario. Pregunta a continuación cal é a razón para incrementar nun grao o nivel deste posto de traballo e con isto as súas retribucións. Por último engade que o voto do Grupo Socialista será en contra, e que non se poden pagar así os asesores da Presidencia con eses salarios tan elevados.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando que o Sr. Cudeiro se vai porque así o decidiu a Presidencia, xa que nada impedía que puidese seguir como persoal eventual. Engade que estamos ante unha modificación da RPT no relativo ao persoal eventual, e considérase oportuno modificar o contido das funcións deste posto e harmonizar as retribucións deste posto coa do resto do persoal eventual. Ademais destaca que a partir de agora se contará cunha asesoría específica en materia físico – deportiva e recreativa, e todo isto se fai no marco da potestade de auto organización do grupo de goberno provincial, no gabinete de Presidencia. Finalmente indica que esta reorganización supón un aforro de máis de 30.000,00 € para a Deputación Provincial.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza indicando que Pedro Sánchez rubrica o goberno máis caro da democracia, tal e como se reflicte nos documentos da Intervención xeral da Administración do Estado. Engade que en 2021 o presidente e os seus vinte e dous ministerios superaron o récord de gasto. Seguidamente diríxese ao Grupo Socialista para indicarlles que antes de criticar hai que mirar de portas para dentro.

- 2ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Nesta quenda sinala que estamos na Deputación Provincial de Ourense e non no Goberno central, e que aquí hai que falar do Sr, Cudeiro e do gasto que supuxo para esta Deputación.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Sinala que xa que falamos pode indicar que o Goberno actual do Sr. Sánchez ten actualmente 785 asesores, colocándose como o primeiro goberno en número de asesores, sendo o segundo o do propio Sr. Sánchez do ano 2019, e o terceiro o do Sr. Zapatero no goberno anterior.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2), e da deputada non adscrita, o voto en contra do Grupo Socialista (9) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial, no seguinte sentido:

Na Área de Presidencia, modifícase a determinación 2ª no relativo ao persoal eventual,

Modifícanse os seguintes postos de traballo, de:

2º) *Gabinete de Presidencia:*

1 Asesor/a técnico/a da Presidencia. Persoal eventual asimilado ao Grupo A1. Nivel 27. Retribución bruta anual: 70.376,14 euros. Posto singularizado. Forma de provisión: non procede, pola especial natureza dos postos de persoal eventual.

1 Asesor/a de proxectos estratéxicos da Presidencia, Persoal eventual asimilado ao Grupo A1. Nivel 25. Retribución bruta anual: 43.005,91 euros. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.

Que pasan a ser:

2º) *Gabinete de Presidencia:*

1 Asesor/a técnico/a da Presidencia en política físico-deportiva e recreativa. Persoal eventual asimilado ao Grupo A1. Nivel 25. Retribución bruta anual: 43.005,91 euros. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.

1 Asesor/a de proxectos estratéxicos da Presidencia, Persoal eventual asimilado ao Grupo A1. Nivel 26. Retribución bruta anual: 48.497,82 euros. Forma de provisión: non procede pola especial natureza dos postos de persoal eventual.

2º) O presente acordo someterase a información pública por prazo de vinte días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, durante o que os interesados poderán formular reclamacións, que serán expresamente resoltas polo Pleno.

En caso de non formularse reclamacións, entenderase, de forma automática, definitivamente adoptado o acordo ata entón inicial, procedéndose á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor.

4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: AUTORIZACIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO, CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO INORDE PARA O ANO 2022

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que no Consello Reitor do INORDE e nas comisións informativas xa se sinalou que non se aprecia un cambio de rumbo neste organismo e que moitas das súas funcións poderían ser directamente realizadas pola Deputación. Engade ademais que non existen razóns para que se prevexan unha serie de subvencións de carácter nominativo para un concello e para unha determinada asociación comercial, e que debería proceder a realizar convocatorias polo réxime de concorrencia competitiva.

- 1ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Indica na súa intervención que as modificacións orzamentarias teñen como finalidade atender a necesidades xurdidas ao longo do exercicio ou a gastos urxentes, como pode ser neste caso o incremento das partidas dedicadas aos xeodestinos. O que non lle parece correcto e empregar a modificación orzamentaria para introducir subvencións nominativas como a do Centro Comercial Aberto de Ourense. Matiza que non están en contra de que esta asociación perciba unha axuda, senón en contra do procedemento, que debería ser mediante concorrencia competitiva e permitindo a participación doutras asociacións comerciais interesadas, sobre todo nuns momentos en que este sector está moi necesitado de axudas, cando existen outras asociacións e centros comerciais que se achegaron ao INORDE a solicitar colaboración e aínda non recibiron ningunha achega. O mesmo razoamento se debe aplicar á previsión dunha subvención nominativa para un concello, xa que non se coñece cales son os criterios e as razóns que levan ao INORDE a prever este tipo de subvencións para uns e non para outros. Para finalizar sinala que desde o grupo provincial socialista seguen a incidir en que o INORDE non acada os

obxectivos para os que foi creado e segue sendo unha institución pouco eficaz para o desenvolvemento desta provincia e os datos están aí. Por todo isto, por un reparto discrecional que se fai dos recursos deste organismo e por ser o INORDE una entidade pouco eficaz para a provincia, o voto do Grupo Socialista vai ser en contra neste punto.

- 1ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): Sinala que a voceira socialista indicou non querer malos entendidos coa asociación Centro comercial aberto de Ourense, pero que a nomeou varias veces, parecendo que non quere malos entendidos de palabra pero dicindo o contrario cos seus feitos. Seguidamente precisa que todos os centros comerciais que acudiron ao INORDE foron atendidos, dunha ou doutra maneira, e que a modificación orzamentaria que se presenta na DPO prevé unha liña por concorrència competitiva, como se explicará no seguinte punto da orde do día. Engade que o discurso do Grupo Socialista, no INORDE, na Deputación e na Xunta, e sempre o mesmo sobre a xestión que fai o Grupo Popular. Remata indicando que o expediente está correctamente explicado e aclarado.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Indica que Cataluña foi a CA máis beneficiada co reparto de fondos discrecional de fondos da UE realizado polo Goberno Central, percibindo un 15 % do total do Estado, a través de convenios, programas piloto ou concesións, e sen pasar polas Conferencias Sectoriais. Engade que se podería seguir explicando esta realidade, e que somos deputados provinciais, pero tamén hai que dicilo, porque se trata de fondos e recursos de todos os cidadáns, ourensáns incluídos.

- 2ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Diríxese ao voceiro popular para indicar que a ela non lle gusta a *palabrería* senón os feitos, e sobre axudar a todos e con criterios claros e obxectivos. Insiste en preguntar cales son os criterios que seguen tanto a Deputación como o INORDE para axudar economicamente si a uns concellos e asociacións, e non a outros, ou si a uns eventos deportivos nuns concellos e non noutros. Engade que non é certo que se atenda a todas as asociacións, lembrando que a Asociación Centro Comercial Aberto do Carballiño aínda non foi atendida polo INORDE.

- 2ª intervención Rosendo L. Fernández (grupo do PP): Comeza indicando que a deputada socialista está pouco informada. Sinala que para eventos deportivos hai unha liña de subvencións por concorrència competitiva na Deputación, tanto para concellos como para entidades. Sobre o Centro comercial aberto do Carballiño, sinala que non lle consta, pero que revisará e dará cumprida explicación. Engade que o Centro Comercial Aberto de Ourense presentou un proxecto, por iso se atendeu a súa solicitude de colaboración. Remata sinalando que na modificación de crédito hai unha

partida para cofinanciar accións de centros comerciais e que todo o expediente desta modificación orzamentaria está convenientemente explicado e aclarado.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2), e da deputada non adscrita, o voto en contra do Grupo Socialista (9) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos que figura no expediente n.º 2022/4686G do INORDE, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

PARTIDA	EXPRESIÓN	IMPORTE €
42211/226.16	Actividades de Turismo	50.000,00 €
42211/227.10	Gastos diversos, feiras e exposicións	30.000,00 €
42211/462.01	Subvencións nominativas a concellos	48.000,00 €
42211/623.00	Investimentos maquinaria, instalacións e equipamentos	8.000,00 €
SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		136.000,00 €

CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

PARTIDA	EXPRESIÓN	IMPORTE €
42211/624.00	Elementos de transporte	35.000,00 €
42211/226.22	Xeodestino Trevinca-Valdeorras	11.656,00 €
42211/226.23	Xeodestino Celanova-Terra do Xurés.	13.500,00 €
SUMA CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS		60.156,00 €

RESUMO

Suma suplementos de crédito	136.000,00 €
Suma concesión de créditos extraordinarios	60.156,00 €
TOTAL	196.156,00 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	196.156,00 €
--	---------------------

2º.- Modificar a base 5ª con base na especificación da dotación orzamentaria e beneficiario das subvencións nominativas segundo o cadro seguinte:

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Asociación Centro Comercial Aberto Ourense Centro.	Actividades de funcionamento e promoción do Centro ano 2022.	5.027,58€
Concello de Arnoia	Elaboración do Plan Parcial para uso industrial P.E. Arnoia	48.000,00€
TOTAL		53.027,58€

3º.- Actualizar a base 3ª para fixar o importe íntegro mensual de gratificacións para o exercicio 2022 en 1.000,00 euros.

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2022, N.º 1/2022

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): En primeiro lugar comenta que se podía ter remitido a documentación deste importante expediente con maior antelación, e non polo trámite de urxencia como se presentou na comisión informativa provincial de economía e facenda. En segundo lugar sinala que despois de reflexionar sobre como afrontar este debate, vai dar unha visión máis xeral deste expediente e intentando facer unha crítica construtiva.

Sinala que se vai aprobar polo goberno provincial unha modificación orzamentaria por un importe superior aos dezaoto millóns de euros, deixando nas contas trinta millóns pendentes de destino, preguntando a razón de que non se invista a totalidade do remanente existente, tendo en conta a situación gravísima que vive a nosa provincia de avellentamento e despoboamento, e á que nos abocaron as políticas inconexas e arbitrarias do Partido Popular e os seus novos aliados de DO. Diríxese ao grupo de DO para lembrarlles que no anterior mandato eles eran o azote desta forma de facer política, e que hoxe van aprobar unha modificación orzamentaria onde o fundamental son as subvencións nominativas. Seguidamente sinala que non vai facer unha análise unha a unha das modificacións previstas, sinalando que o máis perverso desta forma de actuar nos orzamentos desta Deputación é que non sexamos capaces de atopar un criterio de reparto equilibrado, lóxico ou que atenda a razóns obxectivas. Así, hai quince concellos, por non falar de asociacións, que nin aparecen, como se os seus veciños e veciñas non existiran para esta Deputación, mentres outros perciben máis de 350.000,00 €. Volve insistir en que non podemos ter veciños de primeira e de quinta, con respecto a un orzamento público recadado dos impostos de todos. Volve pedir un plan único, ou plan concellos, como existe nas outras tres deputacións de Galicia. Para ir rematando indica que dará algunha pincelada sobre as grandes partidas, indicando que nalgunhas ata poden concordar, como o máis dun millón de euros para as obras no Club Náutico de Castrelo de Miño, que pode ser unha aposta importante, ou os 900.000,00 para patrocinios de rodaxe, que tamén poden ter un sentido, se ben se descoñece o criterio e requisitos para a súa distribución, ou os 500.000,00 € para o parque acuático de Monterrei, e para o final, o prato forte, que non é outro que a previsión dun novo préstamo participativo a favor de MEISA por importe de 1.500.000,00 €, ao que haberá que sumarlle outro tanto por parte da Xunta de Galicia, e todo isto cunha xestión posta a remollo pola xustiza e sen ningunha intención de remuda do seu modelo de xestión.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza dirixíndose ao señor Rosendo Fernández do Grupo Popular, pedíndolle que deixe de insultar e que o que debería facer é apoiar á Feira do Viño de Ribadavia, que é a feira vitivinícola máis importante do país, e percibe cero euros de axuda desta administración. En segundo lugar sinala que a auto proclamada administración máis transparente de España entrega a documentación deste expediente tarde, mal e a rastro. A continuación, e centrándonos no expediente de modificación de crédito, indica que estamos ante distintos socios pero as mesmas cacicadas.

Sinala que ao longo dos anos a situación vai empeorando, e que estamos fartos de dicir e denunciar que as subvencións non obedecen a ningún criterio lóxico. Así pon como exemplo o invento do Sr. presidente de “O gaiteiro da catedral”, que recibe máis importe nesta modificación que concellos como Amoeiro, Entrimo ou Calvos de Randín. Igualmente sinala que hai algunha asociación, de dubidosa achega a esta provincia e á cidadanía, e que percibe maior importe que concellos como Beade, Vilardevós ou A Bola, que son do Partido Popular. Pregúntalles aos alcaldes e ás alcaldesas do Partido Popular se non lles cae a cara de vergoña. Igualmente pregunta porqué se premia aos concellos que fan mocións de censura con tráfugas e se penaliza aos que fan mocións de censura con votacións plenamente democráticas. Seguidamente pregunta porqué existe unha achega de medio millón de euros a favor do INORDE, e para que finalidade. Outro exemplo é a partida prevista para tractores en concellos, preguntando se agardan que se vote a favor esta modificación se non se dan a coñecer os concellos beneficiarios deste convenio. Engade que estamos ante unha modificación sen pes nin cabeza e que o Grupo Socialista non a vai apoiar. A continuación sinala que o Partido Popular confunde, xa que están intentando aprobar unha modificación orzamentaria escandalosa, que se se repartise entre todos os concellos sen introducir ningún criterio suporía 200.000,00 € para cada un, e que onte o Partido Popular votou que non ao seguinte: a que os concellos a través dos seus servizos sociais tramiten as solicitudes do ingreso mínimo vital, para calquera cidadán e de calquera concello, e que votan en contra das bonificacións no prezo dos carburantes, e que se trata de medidas que benefician ao conxunto da poboación.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza a súa intervención sinalando que estamos ante un documento que recolle a inmensa maioría das peticións realizadas por concellos e asociacións a esta Deputación provincial. Sinala que este debate non se diferencia dos mantidos neste pleno noutras ocasións. Engade que esta modificación é posible grazas ao remanente de tesourería logrado, grazas á boa planificación e boa xestión do goberno provincial. Sinala que estamos diante dunha modificación por importe de algo máis de 18.000.000,00 €, e procede a dar as grazas ao servizo de intervención provincial pola tramitación deste complexo expediente en tempo récord. Engade que se trata dun expediente que beneficia sobre todo aos diferentes concellos e mancomunidades desta provincia, e cuxos datos están con total detalle no expediente. Existen outras medidas como as previsións para a cooperación co sector agrícola ou para o fomento do deporte, sen esquecer colaboracións xa

consolidadas con outras administracións como Expourense ou a Universidade de Vigo. Destaca tamén a colaboración mediante patrocinios de longametraxes que teñan a súa localización única ou principal na nosa provincia, ou a reforma e ampliación do Club Náutico de Castrelo de Miño, ou a achega ao INORDE para accións no eido do turismo, termalismo, sector primario, ou a colaboración cos centros comerciais e asociacións comerciais da nosa provincia. Sobre a pregunta formulada polos concellos beneficiarios de axudas para a adquisición de tractores con base ao convenio con Medio Rural indica que se pasará a información en canto a pidan, xa que está dispoñible, adiantando que se trata de concellos, dos que seis están gobernados polo Partido Popular, e outros seis polos Partido Socialista ou polo BNG. Destaca igualmente a achega que fai a DPO para o cofinanciamento dos once GES que existen na nosa provincia, ou o medio millón de euros para a construción do Centro Acuático de Monterrei. Remata indicando que a DPO non é unha máquina de repartir cartos senón que atende ás peticións e reclamacións formuladas polas diferentes entidades locais e asociacións e entidades da nosa provincia.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Diríxese ao Grupo Socialista para sinalar que son uns profesionais da mentira, se ben teñen que aprender aínda do señor presidente do noso país, Pedro Sánchez, que nin se inmuta cando minte. Engade que o número de asesores do presidente do Goberno ao que se referiu antes, de 764, sae publicado no Boletín Estatístico do persoal ao servizo das AAPP, e que non se trata polo tanto de ningún invento de medios da extrema dereita como dixo o voceiro socialista na súa intervención, o que supón un gran incremento do persoal de confianza e do importe do gasto público nesta materia. Remata indicando que o Grupo Socialista é o auténtico profesional da mentira e que debería deixar de tentar dar leccións.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que o voceiro do Grupo Popular apenas rebateu os argumentos do grupo do BNG, e que nos debería defraudar a todos que se considere un éxito obter un importante remanente de tesourería, cando o que faltan son iniciativas e crecemento. Engade que o que realmente debería coñecerse é cal é o criterio de reparto das subvencións, e que a maioría dos que aquí estamos, despois dos resultados das derradeiras eleccións locais nas que o Partido Popular perdeu a maioría absoluta nesta administración, non compartimos este xeito de gobernar, pero que aquí “pasó lo que pasó”. Sinala que os concellos de Ourense deberían ter recoñecida a súa maioría de idade e poder

xestionar os seus cartos, e sinala que o trato de cara aos concellos e cara á cidadanía de Ourense será moi distinto cando o BNG poida gobernar nesta Deputación.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que esta modificación “está estafando” aos concellos e á cidadanía de Ourense, tanto por parte do Grupo Popular como os seus socios de DO, que o van pagar nas furnas. Piden que sexamos serios en asuntos como o trato e a axuda aos refuxiados e refuxiadas de Ucraína, e que se axude a todos os concellos neste eido, que non sexan indecentes e non traspasen certos límites. A continuación lembra que o Partido Popular en Madrid onte votou en contra da rebaixa do prezo da electricidade. Seguidamente sinala que a forma de proceder nesta Deputación pasa unicamente pola decisión do Sr. presidente, que se loa de ser o máis transparente de España, e en dez anos aínda non se ten reunido nunca co principal grupo da oposición, nin ten sido capaz de explicar os criterios de reparto. Non se pode vir aquí recibir leccións e non aclarar nunca nos debates a que obedecen os criterios de reparto desta Deputación. Nas outras deputacións galegas, os concellos saben a principio de ano os cartos dos que van dispoñer por parte da deputación, e que nalgúns casos non son capaces nin de gastalos. Remata indicando que chega o momento de cambiar o goberno desta Deputación, a súa forma de gobernar, e o “caciqueo” que impregna a esta administración.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando con respecto ao préstamo participativo de Meisa, que efectivamente o é, e pedindo que se teña fe. Sobre a documentación remitida, sinala que todos, incluído el, tiveron dez días para o seu exame e estudo. Respecto ao reparto das subvencións nominativas sinala que 16 dos 22 concellos gobernados polo Partido Socialista reciben axudas, os 5 gobernados polo BNG reciben axudas, os independentes tamén, polo que non comprende moi ben a crítica do Grupo Socialista neste sentido. Sobre a votación de onte no Parlamento de Madrid e o voto en contra do grupo do PP, sinala que se tratou dun “trágala”, xa que o señor Feijóo presentou varias medidas e non se aceptou nin a primeira. Respecto á axuda para concellos para atender á crise dos refuxiados destaca que existe unha partida de emerxencia social nesta modificación, e respecto á falta de debate co presidente pídelles ao Grupo Socialista que acuda ao pleno extraordinario sobre o estado da provincia, e que aí poden debater directamente co presidente, cousa que non fan porque non acoden. Seguidamente sinala que os concellos beneficiarios de achega para a adquisición de tractores ao abeiro do convenio con Medio Rural son os da Merca, Melón, A Peroxa, Castro-Caldelas, Taboadela, Gomesende, Entrimo, O Bolo, Pereiro

de Aguiar, Vilar de Barrio, Baños de Molgas e Nogueira de Ramuín. Por último indica que se atenden nesta modificación as peticións de diferentes entidades desta provincia, escoitando e valorando todas as solicitudes que se presentan, mentres que a oposición só pretende converter ás deputacións en meras distribuidoras de cartos sen atender ás peculiaridades de cada provincia e cada concello. Para rematar dá lectura a unha serie de subvencións directas mediante convenios nos derradeiros anos outorgadas pola Deputación de Lugo ou polas Confederacións Hidrográficas do Douro ou Miño-Sil.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), e da deputada non adscrita e o voto en contra do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos orzamentario n.º 1/2022 baixo a modalidade de suplementos de créditos, créditos extraordinarios e a modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial para o exercicio 2022, co seguinte detalle:

Créditos extraordinarios

Gastos Correntes

Aplicación	Expresión	Importe €
334.18/221.99	Fundación Santamarina. Outros utensilios	60.000,00
338.13/480.00	Colaboración Bispado de Ourense “O Gaiteiro na Catedral”	20.000,00
341.11/482.05	Fomento do deporte. Subvencións a outras entidades deportivas	254.500,00
433.00/227.06	Programa potenciación comercio rural comarca Celanova- Trives- Viana	77.259,00

433.00/479.08	Convenio colaboración colexio economistas 2021 y 2022	12.000,00
920.01/150.00	Secretaria Xeral. Produtividade	25.000,00
931.11/150.00	Intervención. Produtividade	55.000,00
453.11/150.00	Vías e Obras provinciais. Produtividade	100.000,00
912.12/150.00	Secretaría particular. Produtividade	35.000,00
342.11/150.00	Paco Paz. Produtividade	25.000,00
414.11/150.00	Medio Rural. Produtividade	25.000,00
161.11/150.00	Augas e medio ambiente. Produtividade	25.000,00
920.14/480.00	Convenio Mobile Week 2022	50.000,00
TOTAL C.E. Gastos correntes		763.759,00 €

Gastos de investimentos

Aplicación	Expresión	Importe €
171.11/625.01	Parques, xardíns e zoas verdes. Esculturas e pertenzas	48.000,00
334.20/622.00	Actividades culturais e recreativas. Investimentos en equipamento cultural	70.000,00
336.11/789.01	Protecc.e xestión patrimonio histo.art. Diocese de Ourense	44.930,63
341.11/627.00	Obras de ampliación do Club náutico de Castrelo de Miño	1.182.500,00

341.11/750.00	Convenio Xunta de Galicia Parque acuático Monterrey	500.000,00
414.11/750.00	Medio Rural. A Xunta de Galicia	600.000,00
433.00/831.00	Préstamo participativo MEISA	1.500.000,00
TOTAL C.E. Gastos de investimentos		3.945.430,63 €

Suplementos de créditos

Gastos correntes

Aplicación	Expresión	Importe €
134.11/462.00	Achega GES convenio 2022-2024	635.333,35
161.11/467.00	Achega por déficit do Consorcio de Augas de Valdeorras	90.000,00
231.11/489.09	Outras transf. Plan natalidade. Programa CHEGOU	100.000,00
231.11/48920	Cruz Vermella. Outras transferencias	25.000,00
231.11/480.01	Emerxencia social. Ucraína	30.000,00
326.11/451.00	Convenio UVIGO para a promoción de accións universitarias relativas á promoción da formación en turismo e promoción e difusión do patrimonio cultural e natural de Ourense.	89.000,00
334.14/207.00	MUGAE	20.000,00
334.20/226.15	Patrocinios rodaxes en Ourense	900.000,00

334.20/489.00	Actividades culturais e recreativas. Outras Subvencións	80.000,00
334.20/489.22	Act. culturais e recreativas. Fundación Vicente Risco	3.000,00
341.11/482.08	Fomento do deporte. Entidades deportivas	55.000,00
342.11/207.00	Proxecto Paco Paz	400.000,00
420.11/410.00	Instituto Ourensán de desenvolvemento económico	557.515,00
433.11/480.03	Feiras e exposicións. Expourense	62.000,00
450.12/462.00	Cooperación provincial. A Concellos	969.470,12
450.12/463.00	Cooperación provincial. A Mancomunidades	131.000,00
450.12/489.00	Cooperación Provincial. Outras transferencias	803.593,50
453.12/222.99	Dispositivos de xeolocalización	140.000,00
912.11/220.01	Prensa, revista, libros e outras publicacións	45.000,00
912.11/226.02	Información e publicidade	50.000,00
912.11/227.06	Bicentenario Deputación	150.000,00
920.01/233.01	Secretaría xeral. Asistencia a tribunais	100.000,00
920.14/220.02	Redes e material. Administración electrónica	25.000,00
920.14/227.06	Cesión anual marca Mobile Week 2022	12.100,00
TOTAL S.C. Gastos correntes		5.473.011,97 €

Gastos de investimentos

Aplicación	Expresión	Importe €
432.11/627.11	Programa Fronteira Esquecida	4.500,00
433.00/627.12	Programa Emprende Makers	3.087,50
433.00/627.13	Programa Nova- TFE	12.293,10
450.12/624.00	Adquisición vehículo Eduardo Barreiros	13.000,00
450.12/762.01	Cooperación Provincial. A concellos subvencións	7.374.480,20
450.12/789.01	Cooperación Provincial. Outras transferencias	351.438,00
453.12/623.00	Maquinaria, Instalacións e ferramentas	331.000,00
453.12/624.00	Elementos de transporte	2.000,00
TOTAL SC. Gastos de investimentos		8.091.798,80 €

Resumo

Suma suplementos de crédito	13.564.810,77 €
Suma créditos extraordinarios	4.709.189,63 €
TOTAL MC 1/2022	18.274.000,40 €

Recursos utilizados

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	18.274.000,40 €
---	------------------------

2.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense procede concretar o capítulo IV e VII de gastos que se ven modificados neste expediente, polo que se

procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “ Cooperación Provincial. A Concellos”

Beneficiario	Finalidade	Importe
A Rúa	Reactivación cultural-turístico-deportiva	35.000,00 €
A Veiga	Campamento astronómico	30.000,00 €
A Veiga	Proxecto social	16.000,00 €
Arnoia	Arnoia SUP Challenge 2022	17.000,00 €
Bande	Material para reparacións viarias	20.000,00 €
Bande	Apertura porta Xurés	9.000,00 €
Bande	Actividades Xurés Experience	10.000,00 €
Beariz	Libro de xogos populares en Beariz	6.000,00 €
Calvos de Randín	Apertura porta Xurés	9.000,00 €
Carballeda de Valdeorras	Campamento de verán e outras actividades	10.000,00 €
Carballeda de Valdeorras	Servicios sociais-fisioterapia	11.500,00 €
Carballeda de Valdeorras	Traballos medioambientais	32.000,00 €
Cartelle	Torneo internacional de fútbol sala feminino-estancia equipos	8.000,00 €
Castrelo de Miño	Festa do Maior	8.000,00 €

Cenlle	Actuación área de autocaravanas	3.333,31 €
Cortegada	Proxectos Next Generation-Crecente	18.000,00 €
Entrimo	Apertura porta Xurés	9.000,00 €
Entrimo	Actividades Xurés Experience	10.000,00 €
Esgos	Actuacións culturais	12.000,00 €
Larouco	Relacións interadministrativas	45.000,00 €
Larouco	IVA acción silvícola "tratamentos"	3.980,49 €
Larouco	GDR Ruta Romana do Viño	6.188,66 €
Leiro	Guía turística	7.000,00 €
Lobeira	Apertura porta Xurés	9.000,00 €
Lobeira	Actividades Xurés Experience	10.000,00 €
Lobios	Video Susana Seivane	7.000,00 €
Lobios	Apertura porta Xurés	9.000,00 €
Lobios	Actividades Xurés Experience	10.000,00 €
Manzaneda	Brigada Medioambiental con Chandrexa	16.221,66 €
Montederramo	Oficina municipal de turismo	15.000,00 €
Muíños	Videoclip Antonio Luz	15.246,00 €
Monterrei	Proxecto piloto asistencia axuda no fogar	48.000,00 €
Muíños	Organización Campamentos Xuvenís	79.000,00 €
Muíños	Apertura porta Xurés	9.000,00 €
Muíños	Actividades Xurés Experience	10.000,00 €

Nogueira de Ramuín	Traballos medioambientais	24.000,00 €
O Bolo	Información turística	20.000,00 €
O Irixo	Proxecto Marca Irixo	12.000,00 €
O Irixo	Plantación Cereais Autóctonos-piloto	10.000,00 €
O Irixo	Actividade cultural	6.000,00 €
O Barco de Valdeorras	Gastos de Campionato de España de Atletismo	5.000,00 €
Piñor	Rally Mix 2022	14.000,00 €
Porqueira	Gastos Residencia Terceira Idade	50.000,00 €
Riós	Funcionamento centro de día	60.000,00 €
San Cristovo de Cea	Olimpio Liste Museo Reapertura	25.000,00 €
Vilamarín	Funcionamento museo etnográfico	20.000,00 €
Vilamartín de Valdeorras	Actos celebración Día das Letras Galegas	92.000,00 €
Xunqueira de Ambía	Gastos funcionamento da vivenda compartida	30.000,00 €
Xunqueira de Ambía	Retablo Colexiata-estudo de rehabilitación	3.000,00 €
Xunqueira de Ambía	Programación musical "Caminantes"	25.000,00 €
TOTAL 450.12/462.00		969.470,12 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos Subv. convenios”

Beneficiario	Finalidade	Importe
--------------	------------	---------

A Gudiña	Cofinanciamento con proxectos	35.000,00 €
A Gudiña	Cofinanciamento URBE, humanización e mellora espazo público o Tameirón	43.057,08 €
A Merca	Mellora de camiños municipais	93.529,37 €
A Mezquita	Instalación Fotovoltaica en edificios públicos	22.967,00 €
A Mezquita	Actuación arqueolóxica no Castelo pequeno de Santigoso	17.600,00 €
A Peroxa	Humanización de rúas das vivendas sociais	41.000,00 €
A Peroxa	Cociñas vivendas sociais	30.000,00 €
A Peroxa	Asfaltado campo da festa de Graices	30.000,00 €
A Rúa	Saneamento e reparación Rúa Cegoña	48.000,00 €
A Rúa	Equipamento Teatro Avenida, e piscina municipais e pavillón	100.000,00 €
A Teixeira	Residencia Terceira Idade	100.000,00 €
A Veiga	Obras Hidráulicas	125.000,00 €
Allariz	Escavacións Armea	25.000,00 €
Allariz	Proxecto de pavimentación e espazos humanos	70.000,00 €
Arnoia	Reforma da antiga escola para convertela en Albergue do Camiño Miñoto Ribeiro	47.549,50 €
Arnoia	Mellora na rede de saneamento en A	38.055,00 €

	Ponte	
Avión	Urbanización Área de reparto	250.000,00 €
Baltar	Rehabilitación da casa do Xuíz do Couto Mixto	18.000,00 €
Baltar	Acondicionamento de locais públicos en varios pobos	48.000,00 €
Baltar	Acondicionamento acceso ao centro de Tosende	35.000,00 €
Bande	Proxecto Bande Termal	34.000,00 €
Bande	Saneamento Escola de Baño	36.000,00 €
Bande	Reparación na rede de saneamento no núcleo de Bande	10.000,00 €
Bande	Convenio de colaboración para a mellora da seguridade viaria na travesía de Bande	61.016,87 €
Baños de Molgas	Mellora de espazos deportivos	25.000,00 €
Barbadás	Rexeneración firme avda. Celanova	200.000,00 €
Beariz	Humanización rúas	30.000,00 €
Beariz	Tanatorio municipal	60.000,00 €
Beariz	Bacheo camiño en Lebozán	10.000,00 €
Boborás	Urbanización parcela novo centro de saúde	75.000,00 €
Boborás	Piscina municipal	107.845,49 €

Boborás	Integración paisaxística entorno Capela de San Pantaleón	48.000,00 €
Carballeda de Avia	Obras de rehabilitación en equipamento público en Carballeda de Avia	48.159,08 €
Cartelle	Mellora de camiños municipais en Baldariz, San Martiño, Bagullo e Nogueiró	47.989,50 €
Cartelle	Mellora de vías en Muntín, Ulfe, Marabillas e Espinoso	48.084,67 €
Castrelo de Miño	Mellora abastecemento Troncoso co sobranse do depósito da Cancela	48.000,00 €
Castrelo de Miño	Reparación estrada Bouzas – Prado	48.000,00 €
Castrelo de Miño	Mellora das infraestruturas de depuración en Castrelo	48.000,00 €
Castrelo de Miño	Cofinanciamento proxectos municipais	57.500,00 €
Castrelo do Val	Pavimentación da rúa ponte do medio	47.800,00 €
Castrelo do Val	Pavimentación de varias rúas en Monteveloso	22.300,00 €
Cenlle	Acondicionamento de beirarrúas na rúa Carreira e rúa da Igrexa	66.148,22 €
Cenlle	Proxecto senda fluvial	17.484,50 €
Cenlle	Bombeo Razamonde	10.000,00 €
Cenlle	Proxecto estación de bombeo en Cenlle	24.505,00 €
Chandrexa de Queixa	Rehabilitación forno Espasa	38.441, 41 €

Chandrea de Queixa	Reforma do Albergue de Celeiros	115.000,00 €
Coles	Actuacións de mellora na hípica municipal	48.000,00 €
Cortegada	Cofinanciamento Plan Hurbe	14.993,00 €
Cortegada	Recollida de Augas Parque empresarial	21.884,41 €
Cualedro	Cofinanciamento proxectos Medio Rural Xunta de Galicia	20.000,00 €
Cualedro	Mellora accesos parapente	40.000,00 €
Cualedro	Punto limpo Trasmiras-Monterrei-Cualedro	45.000,00 €
Esgos	Obra biblioteca municipal	48.000,00 €
Esgos	Eficiencia enerxética	48.000,00 €
Esgos	Asfaltados en Tarreirigo, Meiroás e Touza	48.000,00 €
Gomesende	Segunda fase acceso centro de saúde	48.000,00 €
Gomesende	Arranxo da fonte do Casal de Poulo	33.390,45 €
Gomesende	Reforma en Capela de Garabelos	2.000,00 €
Larouco	Cofinanciamento Proxecto IDAE	40.000,00 €
Larouco	Cofinanciamento Plan Hurbe: Mellora no acceso ao núcleo de Seadur	26.956,12 €
Laza	Saneamento Cimadevila	48.000,00 €
Laza	Parques infantís A Rúa e Otoval	48.000,00 €

Leiro	Pasarela río Avia	22.000,00 €
Leiro	Os Carrís, acceso minusválidos	32.000,00 €
Leiro	Saneamento de Barzamedelle	40.000,00 €
Lobeira	Proxecto de rehabilitación estrutural e da envolvente da "Casa de Xocas" en Facós	18.000,00 €
Lobeira	Cofinanciamentos Xunta de Galicia	50.000,00 €
Lobios	Marquesiña e pintura nave	10.000,00 €
Lobios	Realización anteprojecto area recreativa	16.545,00 €
Maceda	Canalización de augas da Rúa Aureliano Ferreiro	48.000,00 €
Manzaneda	I.DA.E complemento	29.000,00 €
Maside	Acondicionamento sede protección civil	30.000,00 €
Montederramo	Presa desmontable Río Mao	48.000,00 €
Monterrei	Abastecemento e saneamento en Medeiros	48.000,00 €
Monterrei	Local social en Sandín	48.000,00 €
Monterrei	Balneario Requeixo (Boubette)	48.000,00 €
Muíños	Cofinanciamento obra Augas de Galicia (mellora saneamento en varios núcleos de poboación)	45.000,00 €
Muíños	Fase III acceso Prado estrada Lobios	150.000,00 €
Muíños	Construción muro de cachotería e obras complementarias en Tourós	43.274,89 €

Nogueira de Ramuín	Abastecemento en Requeixo e A Cancela- Armariz	24.861,00 €
Nogueira de Ramuín	Parques Infantís en Os Prados, Luintra, San Miguel	48.000,00 €
O Bolo	Mellora da estrada de subida ao alto de Cortiñas e ao concello da Veiga	26.751,19 €
O Bolo	Mellora do camiño no Seixo	41.708,11 €
O Bolo	Adaptación baixo cuartel para multiusos	20.000,00 €
O Carballiño	Renovación de instalacións co campo de fútbol de Espiñedo	186.622,63 €
O Irixo	Asfaltado vías municipais	48.000,00 €
O Irixo	Centro de actividades deportivas ao aire libre	70.000,00 €
O Pereiro de Aguiar	Eficiencia enerxética	120.000,00 €
Oímbra	Modificación PXOM	18.000,00 €
Oímbra	Cofinanciamento proxectos Xunta	30.000,00 €
Oímbra	Mellora entorno Praza do Concello	47.500,00 €
Oímbra	Abastecemento, saneamento e pavimento na rúa da Mina en Casas dos Montes	47.256,00 €
O Barco de Valdeorras	Pavimentación e infraestruturas en Santa Mariña	150.000,00 €
Paderne de Allariz	Pavimentación camiños municipais	48.000,00 €

Paderne de Allariz	Reforma pista polideportiva	20.000,00 €
Padrenda	Mellora de alumado público dende o Grupo Escolar a Seoane	48.000,00 €
Padrenda	Saneamento en Aldea do Souto	48.000,00 €
Parada de Sil	Brazo rozadora	40.000,00 €
Parada de Sil	Asfaltado vías municipais	30.000,00 €
Parada de Sil	Mobilidade turística Ribeira Sacra	10.000,00 €
Petín	Pavimentación acceso a Carballal	48.000,00 €
Piñor	Proxecto medioambiental municipal	50.000,00 €
Piñor	Obras en edificio municipal	40.000,00 €
Pontedeva	Cofinanciar concesión subvención Xunta de Galicia e outras administracións	60.000,00 €
Porqueira	Pozo de Barrera en Filgueira	20.000,00 €
Punxín	Actuacións da área termal do Bañado	30.000,00 €
Punxín	IDAE Cofinanciamento 2022	10.890,00 €
Punxín	IDAE Cofinanciamento 2020	56.446,32 €
Punxín	Cofinanciamento Xunta de Galicia-Parques infantés- AGADER-GDR	21.000,00 €
Quintela de Leirado	Senda peonil Atrio-Souto, carpintería en local social Redemuíños e traída en Mociños	48.000,00 €
Quintela de Leirado	Pavimentación e mellora en rúa de Cimadevila	48.000,00 €

Rairiz de Veiga	Mellora vías municipais	46.000,00 €
Rairiz de Veiga	Mantemento parques e xardíns	47.000,00 €
Rairiz de Veiga	Obras de mellora da piscina municipal	48.000,00 €
Ribadavia	Arranxo da caldeira de Biomasa e circuíto AQS no Polideportivo O Consello	47.297,69 €
Riós	Rehabilitación estrada Castrelo de Cima	27.000,00 €
Riós	Plan Marco	15.000,00 €
Riós	Estrada Veiguiña-Valfarto	10.000,00 €
Riós	Arranxo vía municipal	30.000,00 €
Rubiá	Reparación Camiño en Quereño	20.000,00 €
San Cristovo de Cea	Pavimentación en Viña	47.800,00 €
San Cristovo de Cea	Pista de paddle no Lodairo	30.237,00 €
San Xoán do Río	Humanización entorno praza da Cerdeira	48.000,00 €
San Xoán do Río	Nave municipal	66.550,00 €
Sandiás	Suplemento arranxo polideportivo	30.000,00 €
Sandiás	Iluminación en A Corga e Ladeira	17.489,75 €
Sandiás	Urbanización rúa Soutopenedo en Vilariño das Poldras	48.000,00 €
Sarreaus	Reparacións beirarrúas en Cortegada	47.000,00 €
Sarreaus	Mellora de instalacións deportivas	48.000,00 €
Sarreaus	Río Lodoselo	100.000,00 €

San Amaro	Renovación alumado público en O Cruceiro	48.000,00 €
San Amaro	Mellora de firmes no concello	47.993,95 €
Taboadela	Reitoral	150.000,00 €
Toén	Proxecto campo de fútbol	18.000,00 €
Toén	Casa Pai Miño- Proxecto	48.000,00 €
Trasmiras	Residencia Terceira Idade	250.000,00 €
Verea	Mellora e acondicionamento da pista de Balín a Fondo de Vila	50.000,00 €
Verín	Arranxo pistas padel	48.000,00 €
Vilamartin de Valdeorras	Pasarela peonil de Penouta	42.000,00 €
Vilar de Barrio	Cofinanciamento Proxectos	45.000,00 €
Vilariño de Conso	Tanatorio	110.000,00 €
Xinzo de Limia	Estatua A Dama da Lagoa de Xosé Lois Carreira	49.000,00 €
Xunqueira de Ambía	Segunda fase rehabilitación vivenda compartida	150.000,00 €
Xunqueira de Espadanedo	Humanización Rúa Manuel Garrido	43.000,00 €
Xunqueira de Espadanedo	Asfaltado vías municipais	39.000,00 €
TOTAL 450.12/762.01		7.374.480,20 €

Con cargo a aplicación orzamentaria: 450.12/463.00 “Cooperación Provincial. A Mancomunidades”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Mancomunidade Monterrei	Gastos de funcionamento	50.000,00 €
Mancomunidade Comarca do Carballiño	Gastos funcionamento	60.000,00 €
Mancomunidade de Ourense	Gastos de funcionamento	50.000,00 €
Mancomunidade de Ourense	Liquidación Gardería	32.000,00 €
Mancomunidade de Ourense	Traballos medioambientais	15.000,00 €
Mancomunidade de Ourense	Cesta para camión 6.000	6.000,00 €
Mancomunidade do Ribeiro	Gastos de funcionamento	50.000,00 €
Mancomunidade Turística do Ribeiro	Gastos de funcionamento	20.000,00 €
TOTAL 450.12/463.00		283.000,00 €

Con cargo a aplicación orzamentaria: 450.12/489.00 “Cooperación Provincial. Outras transferencias”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Queiman e Pousa	Proxecto audiovisual Ribeira Sacra exercicio 2021	14.500,00 €
AA.VV "Güter Menedez" de Vilanova dos Infantes	Gastos funcionamento E actividades.	10.000,00 €
Abertal " A Rúa"	Gastos de funcionamento	5.000,00 €
Acauto	Gastos de funcionamento	24.000,00 €
Agrupación musical A Limia	Campionato mundial de	9.000,00 €

	banda de música	
Agrupación Protección Civil de Maceda	Gastos de funcionamento	8.000,00 €
Amigos da cociña galega	Xornadas experiencias Galicia- Canadá	18.000,00 €
Asociación de cabalistas O Mundil	Gastos de funcionamento	10.000,00 €
Asoc. Comerciantes "Celanova CHEA"	Gastos de funcionamento e campañas turísticas comerciais	8.000,00 €
Asociación Bearicense Daniel Prado Lamas	Constitución e gastos de funcionamento	5.000,00 €
Asociación cultural e deportiva BASKET x LIBROS,	Edición libro de fotopoemas e celebración premios	3.000,00 €
Asociación de Gaiteros de Antioquia	Gastos de Funcionamento	3.000,00 €
Asociación de veciños de Macendo	Proxecto de legalización do velorio de Macendo	5.868,50 €
Asociación de Veciños Santa María de Ansemil	Gastos de funcionamento	2.000,00 €
Asociación Diminuídos Psíquicos Terra de Celanova	Gastos de funcionamento	40.000,00 €
Asociación Memoria Antiga	Feira Auria	4.000,00 €
Asociación produtores pataca da Limia	Gastos de funcionamento	20.000,00 €

Asociación protectora de Animais "Arume"	Gastos de funcionamento	10.000,00 €
Asociación provincial de agrupacións de voluntarios de protección civil de Ourense	Xornada de convivencia das agrupacións de voluntarios de protección civil 2022	7.000,00 €
Asociación Ruta do Viño do Ribeiro	Mantemento do sitio web da ruta e dinamización de RRSS	4.000,00 €
Asociación Ruta do Viño do Ribeiro	Accións de mellora do produto turístico da Ruta do Viño do Ribeiro	12.500,00 €
Asociación Ruta do Viño do Ribeiro	Actividades de comunicación e difusión	3.500,00 €
Caldaria-cerlac	Patrocinio Jeunesse	110.000,00 €
Castaña de Galicia	Consello Regulador- Gastos funcionamento	26.000,00 €
Clúster da lousa	Gastos de funcionamento	60.000,00 €
Clúster da lousa	Proxecto de turismo industrial	30.000,00 €
Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro	Actualización do rexistro vitícola do C.R.D.O Ribeiro	22.000,00 €
Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro	Plan Promocional do C.R.D.O. Ribeiro	24.000,00 €
Escola de Música da Banda de Celanova.	Programa actividades	8.000,00 €
Establecementos Asociados do Ribeiro	Actividades 2022	10.000,00 €

Federación Española Enoloxía	Evento Vinispaña	25.000,00 €
Fundación Aquis Querquennis	Gastos de funcionamento	20.000,00 €
Fundación Laboral da Construción	Axuda para o transporte do alumnado dende a cidade de Ourense ata o Centro de Formación de Vilamarín	25.000,00 €
Fundación Losada Diéguez	Gastos de funcionamento	10.000,00 €
GDR	Convenio Global Provincial-gastos funcionamento	60.000,00 €
Asociación cultural Xingros	Gastos de funcionamento	10.000,00 €
Asociación cultural Xingros	Festival Hércules Brass 2022	6.000,00 €
Rede mundo atlántico	Gastos mobile 2021	80.000,00 €
Residencia literaria 1863	Bolsas residencias literarias internacionais	25.000,00 €
Sociedade coral sinfónica solpor	Gastos de funcionamento	5.000,00 €
Tribuna termal	Patrocinio	9.125,00 €
Triente SL	Gold River 2022	12.100,00 €
TOTAL 450.12/489.00		803.593,50 €

Con cargo a aplicación orzamentaria: 450.12/789.01 “Cooperación Provincial. Outras transferencias”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asoc. De Veciños de	Equipamento e reformas do	10.000,00 €

Rebordechá-Xinzo da Limia	local social	
AAVV A Vacariza	Adquisición de carpa e mobiliario	16.000,00 €
Asociación Olivarñoia	Subvención para instalación de muíño de aceite e plantación de oliveiras en predios abandonados	25.000,00 €
Asociación As Laxas	Adquisición carpa	4.000,00 €
Asociación Banda municipal de Cartelle	Compra de instrumentos	3.500,00 €
Asociación de veciños Santa María do Monte	Reparación Local	2.300,00 €
AAVV recreativa e cultural o Fragoso de Vide	Reforma local social	48.000,00 €
Aspadisi Carballiño	Rehabilitación Albanelaría	100.000,00 €
Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro	Servidor Hardware de datos	14.000,00 €
Conservatorio de Verín	Adquisición instrumentos musicais e equipamento informático	17.638,00 €
Cruz Vermella	Adquisición vehículo de reforzo para usos varios	15.000,00 €
Empresarios Polígono Xinzo da Limia	Sinalización	3.000,00 €
Fundación Aquis Querquennis	Escavación	40.000,00 €

Fundación Diminuídos Psíquicos de Verín	Ampliación Fundacional	Centro	48.000,00 €
Juan Rivas Pires	Mobiliario - Espírito Ribeiro		5.000,00 €
TOTAL 450.12/789.01			351.438,00 €

Con cargo a aplicación orzamentaria: 336.11/789.01 “Protección e xestión do patrimonios histórico artístico. Diocese de Ourense “

Beneficiario	Finalidade	Importe
Diocese de Ourense	Retablo igrexa de Feás	10.000,00 €
Diocese de Ourense	Rehabilitación da cuberta da igrexa de San Salvador de Sande	34.930,63 €
TOTAL 336.11/789.01		44.930,63 €

Con cargo a aplicación orzamentaria: 341.11/482.05 “ Fomento do deporte. Subvencións a outras entidades deportivas”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Ourense C.F.	Gastos de funcionamento temporada 21/22	22.500,00 €
Asociación Deportiva Bosco	gastos tempada 22/23	27.000,00 €
U.D. Ourense	Gastos de funcionamento temporada 21/22	21.000,00 €
C.D. Arenteiro	Gastos de funcionamento temporada 21/22	22.500,00 €

Cidade das Burgas F.S.	Gastos de funcionamento temporada 21/22	12.500,00 €
C.D. Barco	Gastos de funcionamento temporada 21/22	18.000,00 €
Asociación Ourensá de Xadrez	Escolas deportivas Deputación 2021	7.000,00 €
Fundación ADO Moure	Actividades año 2022 (Inclúe "Día da Bici")	14.000,00 €
Federación Galega Atletismo	Actividades en pista cuberta año 2022	10.000,00 €
Federación Española Atletismo	Campionato España Absoluto pista cuberta 2022	60.000,00 €
Real Federación Gallega Fútbol	Copa da Reina Fútbol Sala	15.000,00 €
Federación Española Karate	Campionato España Infantil 2021	10.000,00 €
Pabellón Ourense C.F.	Torneo "Ourense a Provincia Termal" sub-18	15.000,00 €
TOTAL 341.11/482.05		254.500,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria: 334.20/489.00 “Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Consello da Cultura Galega	Exposición Alfonso X El Sabio ano 2021	40.000,00 €

Fundación Carlos Velo	Gastos de funcionamento e actividades	20.000,00 €
Queixumes dos Pinos	Gastos de funcionamento e actividades	20.000,00 €
TOTAL 334.20/489.00		80.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria: 431.11/489.03 “Feiras e exposicións. A Expourense”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Expourense	Foro da comunicación 2021	5.000,00 €
Expourense	Sportur Galicia 2021	7.000,00 €
Expourense	Feiras e eventos 2022	50.000,00 €
TOTAL 431.11/489.03		62.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria: 334.20/489.22 “Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias. Fundación Vicente Risco”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Fundación Vicente Risco	Premio Antón Risco de Literatura Fantástica	1.500,00 €
Fundación Vicente Risco	Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais	1.500,00 €
TOTAL 334.20/489.22		3.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria: 414.11/750.00 “Medio Rural. A Xunta de Galicia”

Beneficiario	Finalidade	Importe

Xunta de Galicia	Adquisición 12 tractores	600.000,00 €
TOTAL 414.11/750.00		600.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria: 326.11/451.00 “Universidade de Vigo. A organismos autónomos”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Universidade de Vigo	Promoción e difusión do patrimonio cultural e natural de Ourense	9.000,00 €
Universidade de Vigo	Convenio UVIGO para a promoción de accións universitarias relativas á promoción da formación en turismo	80.000,00 €
TOTAL 326.11/451.00		89.000,00 €

3.- Aprobar a modificación, no que se refire á especificación do capítulo IV e VII de gastos, consistente nas seguintes variacións que non afectan cuantitativamente ao orzamento xeral do exercicio 2022:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” dos orzamentos do 2022 , prevíase unha subvención ao Concello de Vilamarín para a execución da obra “ Melloras do Parque Empresarial ” por importe de 90.000,00 euros. Con base na solicitude formulada polo alcalde acórdase o cambio da finalidade da subvención para os seguintes obxectos,

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe

Concello de Vilamarín	Parque Empresarial accesibilidade e seguridade	45.000,00 €
	Reconstrución muro Vilamarín	45.000,00 €
TOTAL 450.12/762.01		90.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” dos orzamentos do 2022 , prevíase unha subvención ao Concello de Castrelo de Miño para a execución da obra “ Entorno campo da festa de Vide e local social ” por importe de 48.000,00 euros. Con base na solicitude presentada polo Concello de Castrelo de Miño de data 14 de marzo de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día acórdase o cambio da finalidade da subvención pasando a ser “Mellora de capa de rodaxe en Prado- A Cuqueira”

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Castrelo de Miño	Mellora de capa de rodaxe en Prado- A Cuqueira	48.000,00 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións” dos orzamentos do 2022 , prevíase unha subvención ao Concello de Maceda para a execución da obra “ Nave Protección civil ” por importe de 57.000,00 euros. Con base na solicitude presentada polo Concello de Maceda de data 24 de xaneiro de 2022 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día acórdase o cambio da finalidade da subvención pasando a ser “ Mellora do saneamento e da EDAR de Maceda”

450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”

Beneficiario	Finalidade	Importe

Concello de Maceda	Mellora do saneamento e da EDAR de Maceda	57.000,00 €
--------------------	---	-------------

d) Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.16 “Actividades culturais e recreativas. Fundación Festa da Istoría” dos orzamentos do 2022, prevíase unha subvención a Fundación Festa da Istoría para a organización do evento por importe de 13.000,00 euros. Con base na solicitude presentada acórdase o cambio do beneficiario da subvención pasando a ser “Asociación coordinadora Festa da Istoría” e o cambio da aplicación orzamentaria, pasando a empregar a 334.20/489.24 “Actividades culturais e recreativas. Festa da Istoría”.

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación coordinadora da Festa da Istoría	Gastos de organización do evento	13.000,00 €

e) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos. Subvencións. Convenios” dos orzamentos do 2022 , prevíase unha subvención ao Concello da Rúa para axuda a domicilio servizos sociais por importe de 100.000,00 euros. Con base na solicitude presentada no rexistro electrónico da Deputación o 12 de abril de 2022 acórdase o cambio da finalidade da subvención pasando a ser “ programa financiación servizos sociais”.

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello da Rúa	Programa financiación servizos sociais	100.000,00 €

f) Existe crédito na aplicación orzamentaria 313.31/627.02 “Termalismo. Plan Ourense provincia termal” dos orzamentos xerais da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2022, para o seguinte proxecto que a continuación detallamos,

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Cortegada	Acondicionamento do Paseo Termal-Piscina – Coto da Pena – Balneario Histórico	48.000,00 €

g) Existe crédito na aplicación orzamentaria 450.12/619.02 “Cooperación Provincial. Reparación vías municipais” dos orzamentos xerais da Deputación Provincial de Ourense do exercicio 2022, para os seguintes proxectos que a continuación detallamos,

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Padrenda	Obras de reparación de muros en acceso a Coto da Mo (Frieira)	48.000,00 €
Concello de Cortegada	Rexeneración do firme do camiño municipal de Cortegada a Pereiras.	48.399,07 €
Concello de Cartelle	Obras de mellora dos camiños municipais en Cartelle	47.989,50 €

4.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS QUE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS GALEGO E CENTRAL PARA MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA INFLACIÓN NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Procede a dar lectura á moción do seu grupo na que indica que Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto da especulación sobre produtos como o gas ou o cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022. A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñécese como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos afrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde. A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% máis pobres que un ano antes. Así, por exemplo, a electricidade subiu no Estado español un 111,5%% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. A bombona de butano nunca custo tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara). Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou algo tan básico coma os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos). A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agrávaa, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial (estes dous factores en boa medida ligados á especulación e sen ligazón cunha minoración real das subministracións, xa que o petróleo, gas e materias primas que entran nos mercados seguen a ser as mesmas, sen embargo crease un entorno ficticio de escaseza), todo isto ligado a unha perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios, e os produtores do sector primario quedan totalmente desamparados. En outubro

de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia, nin da situación bélica, polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos. Ademais, en Galiza agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos moitas industrias electrointensivas, depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte público, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxes... e sobre todo porque desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen máis ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gasto militar no lugar de atender outras necesidades. A situación é insoportábel e non podemos permitir que goberno central e Xunta sigan de brazos cruzados, ou con políticas de “maquillaxe”. É necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga máis resistentes a este tipo de situacións, mais é hora tamén de tomar medidas urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar. É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego de Ourense somete a debate e aprobación polo Pleno da Deputación de Ourense esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos: 1. Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega (a excepción galega de igual xeito que hai a Ibérica, e que existen xa tarifas específicas en Euskadi), medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente (sempre que sexa por causas económicas e con control dos servizos sociais). 2. Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas. 3. Demandar do goberno central o incremento das pensións e dos salarios máis baixos ate o 60% do soldo medio actual. 4. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada. 5. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a

venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis. 6. Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se redistribúa a riqueza. 7. Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación. 8. Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais. 9. Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado. 10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para manifestar que vai apoiar esta iniciativa política xa que toca puntos moi importantes para toda a cidadanía, puntos que necesitan dunha revisión urxente tanto por parte do Estado como da xunta de Galicia.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Anuncia o voto favorable do seu grupo a esta moción do BNG.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Comeza matizando o dito no punto cuarto da orde do día, sinalando que houbo un erro de comunicación. O que se quixo dicir é que a Asociación Centro Comercial Aberto do Carballiño non foi atendida economicamente polo INORDE, pese a ter presentado proxectos nos derradeiros anos, ao contrario que si fixo o concello do Carballiño, que dedicou miles de euros, especialmente coa pandemia, para apoiar ao comercio local. Centrándose xa na moción do BNG sinala que se pode considerar xa desfasada logo das medidas adoptadas no día de onte no Parlamento Español a iniciativa do Goberno, e co voto en contra do Partido Popular. Sinala que o decreto

aprobado amosa como diferentes forzas políticas chegan a acordos para lograr a xustiza social e a igualdade, e que os efectos das medidas xa deron os seus froitos neste mes coa maior baixada da inflación nos derradeiros 15 anos. As propostas aprobadas supoñen, por exemplo, o desconto de 20 céntimos no prezo dos carburantes, a prohibición de incrementar o prezo do gas máis dun 5 % por trimestre ou axudas directas para a industria gran consumidora da enerxía, así como axudas para os sectores gandeiro e pesqueiro, tan importantes para Galicia, ou a actualización e incremento da axuda do ingreso mínimo vital. En definitiva sinala que están de acordo con algún dos puntos da moción se ben sinalan que o Goberno Central xa ven de dar pasos significativos como os incluídos no decreto aprobado no día de onte, denunciando por último a contradición que supón solicitar baixadas de impostos, e logo pedir axudas e investimentos millonarios.

- 1ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Comeza sinalando que o noso país está nunha importante crise económica, por moito que as ministras pretendan na súa rolda de prensa disimular os malos datos da economía en xeral. Nunca antes o diñeiro valera para tan pouco, cun incremento nunca visto da inflación, xa que estamos ante os peores datos nas derradeiras catro décadas e moi lonxe dos datos dos países da nosa contorna. Esta inflación leva consigo unha recadación extraordinaria para o goberno central, polo que consideramos que debe devolverse parte desa sobre recadación tanto ás familias como ao tecido empresarial. Sinala que esta moción do BNG ven coincidir no substancial cunha proposición non de lei aprobada no Parlamento de Galicia para instar ás AAPP competentes (Goberno e CA) a adoptar unha serie de medidas para axudar ás familias e ás empresas. Neste sentido lembra que a Xunta de Galicia está a acometer actualmente políticas de rebaixa impositiva en impostos como o IRPF, Patrimonio ou Sucesións. Por todo o sinalado remata indicando que o Grupo Popular votará a favor desta moción.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza agradecendo o sentido do seu voto aos grupos que manifestaron o seu apoio a esta iniciativa política. Sinala que é evidente que para ter recursos ten que haber impostos, pero que dentro destes hai algúns que se poden subir e outros baixar. Engade que o problema non está nos impostos, senón na calidade e cantidade de servizos públicos que se prestan co recadado. Sinala que o Fondo de Compensación coas EELL levan conxelados desde o ano 2009 pola Xunta de Galicia e que tamén debera ser o momento de pedirlle á Xunta de Galicia que incremente este fondo, logo da sobre recadación que tamén vai ter cos tributos cedidos (electricidade, IVE, IRPF).

Respecto ás medidas aprobadas onte no Parlamento español sinala que chegan tarde e quedan curtas, se ben é mellor algo que nada. Existen medidas estruturais que hai que adoptar, lembrando os inxentes beneficios das tres grandes eléctricas obtidos o ano pasado, e ante o que o Goberno Central nada fai.

- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para aclarar que a Xunta de Galicia está a obter tamén unha sobre recadación impositiva, e que non estamos a ver ningún plan ambicioso de medidas para apoiar ás familias, ás empresas ou aos concellos. Igualmente sinala que as previsións do FMI para España falan dun claro descenso da inflación para volver a valores como os dos derradeiros anos así co dun incremento do PIB da nosa economía, en niveis superiores aos da media dos valores da UE. Por último lembra que o goberno Central está a facer políticas en prol da xustiza social e da igualdade mentres o Partido Popular está a asinar pactos de goberno con partidos que promoven a intolerancia, negan a existencia da violencia de xénero ou cuestionan os propios valores democráticos.

- 2ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Reitera o voto favorable do seu grupo á moción do BNG e realiza dous apuntamentos ao voceiro do Grupo Socialista: que non se debería presumir de ter un dato da inflación en abril do 8,4 , igual que da suba dos datos do IPC, senón máis ben de todo o contrario.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que é moi difícil xustificar como un dato positivo ter unha taxa de inflación do 8,4 %. Por último reflexiona sobre por que ten que subir o PIB para manter o estado de benestar, xa que resulta moi curioso que este vaia subindo, e a sociedade estea cada vez máis empobrecida, xa que esta suba non incide na maioría social. Remata sinalando que esta iniciativa política presenta unha serie de medidas que deberan axudar a combater esta crise real, e loitar contra a especulación actual que mantén os prezos tan elevados, independentemente da invasión de Ucraína.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e o voto en contra do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar

unha tarifa eléctrica galega (a excepción galega de igual xeito que hai a Ibérica, e que existen xa tarifas específicas en Euskadi), medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estable que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición aos cortes das subministracións básicas de forma permanente (sempre que sexa por causas económicas e con control dos servizos sociais).

2º.- Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.

3º.- Demandar do goberno central o incremento das pensións e dos salarios máis baixos ata o 60% do soldo medio actual.

4º.- Demandar do goberno central e da Xunta de Galicia a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.

5º.- Demandar do goberno central e da Xunta de Galicia a protección do sector agro-gandeiro e marítimo-pesqueiro, evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustibles.

6º.- Demandar do goberno central e da Xunta de Galicia a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se redistribúa a riqueza.

7º.- Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galicia a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión de social de Galicia (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.

8º.- Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas, poñendo a disposición da Xunta ás 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.

9º.- Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.

10º.- Demandar da Xunta de Galicia o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme co IPC

e aprobar sen máis dilación o plan de choque contra a pobreza en familiar monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE UN PLAN DE MEDIDAS PARA FACERLLE FRONTE Á SITUACIÓN DE EMERXENCIA DERIVADA DA INVASIÓN DE UCRAÍNA

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución a esta moción, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Rodríguez Villarino, do Grupo Socialista, para anunciar a retirada da moción.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA DECLARAR AS INSTALACIÓNS DA ANTIGA COOPERATIVA DE LEIRO COMO PATRIMONIO INDUSTRIAL DE GALICIA.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

Intervén o Sr. Gómez Pérez, do Grupo Socialista, para anunciar que tamén retiran esta moción, e que así o acordaron despois de falar coa Xunta Reitora da Cooperativa, xa que entenden que esta iniciativa se pode mellorar.

9º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-

Pide a palabra o voceiro Sr. Rodríguez Villarino, do grupo socialista para sinalar que proceden a presentar pola vía de urxencia unha moción (procedendo neste intre a entregarlles o seu texto en papel aos grupos e á secretaría xeral) relativa a un plan de medidas actualizado para facerlle fronte á situación de emerxencia derivada da invasión de Ucraína. Indica que esta moción actualizada que recolle as medidas da moción retirada no punto sétimo da orde do día, incorporando algunhas das medidas que pedía o Grupo Popular na súa emenda, por entender que a enriquecen.

Seguidamente procede a motivar a urxencia no tratamento da moción, indicando que existía unha moción similar do grupo do BNG, se ben esta é máis ambiciosa. Sinala que estamos ante unha crise que está a afectar a toda a sociedade, particularmente aos concellos, que están tendo moitos problemas para executar as súas obras debido á alza dos prezos, e faise

indispensable que todas as AAPP e nomeadamente a Deputación de Ourense se sume a adopción de medidas extraordinarias como está a facer a UE ou o Goberno de España, e como tamén debería facer a Xunta de Galicia, que ata o de agora fixo ben pouco. Remata indicando que se trata dunha moción ben sinxela, coñecida por todos, porque o único engadido que ten é a emenda de substitución do Grupo Popular, entendendo que neste plenario estamos para sumar e non para apropiarnos das medidas dos demais, xa que o mérito dunha iniciativa política debe ser para quen a elabora e a traballa e non para quen a parasita, xa que non vimos aquí enganar á cidadanía senón a traballar. Polas razóns indicadas sinala que a urxencia da moción está máis que xustificada.

Pide a palabra o voceiro Sr. Plácido Álvarez, do grupo popular, indicando que se trata dunha artimaña formal, e que eles non van entrar nestes enredos, supoñendo que o fan para buscar algún titular, razón pola que non van apoiar a declaración da urxencia.

Pide a palabra a deputada non adscrita Montserrat Lama, para sinalar que o Grupo Socialista é un auténtico profesional da mentira.

Pide a palabra novamente o voceiro socialista para matizar que se trata dunha actuación amparada no regulamento orgánico provincial, e que a verdadeira artimaña é o emprego que fai o Grupo Popular das emendas de substitución.

[ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións, e co en contra do Grupo Popular (12), de DO (1), e da deputada non adscrita, e o voto a favor do Grupo Socialista (8), e do Grupo do BNG (1), o Pleno non aprecia a urxencia da moción, polo que non se procede á súa inclusión e tratamento nesta sesión ordinaria.

10º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA

- Dáse conta do informe resumo anual do resultado do control interno do exercicio 2021.
- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto

2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos do mes de marzo de 2022.

Os membros da Corporación quedan informados.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta que no expediente de modificación de créditos e modificación das bases de execución do orzamento do exercicio 2022, n.º 1/2022 recóllese, con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/750.00 “Medio Rural. A Xunta de Galicia”, un importe de 600.000€ para “adquisición de 12 tractores”. ¿Cales son os concellos beneficiarios? ¿Coincide este listado co de peticiónarios que rexistraron a súa solicitude nesta Deputación Provincial de Ourense segundo a información que vostede asinou o pasado 21 de marzo de 2022?

A Presidencia indica como cuestión previa que esta modificación forma parte da planificación da Deputación Provincial en previsión de asinar coa Consellería de Medio Rural, novamente este ano un convenio de colaboración que permita financiar a adquisición, por parte dos municipios, de maquinaria forestal para a limpeza de vías rurais e faixas de biomasa para previr incendios. Un convenio de colaboración entre as tres administracións -local, provincial e autonómica- que permite financiar a adquisición, por parte dos municipios, de maquinaria forestal para a limpeza de vías rurais e faixas de biomasa para previr incendios. Neste ano, a previsión que temos é que sexan 12 os concellos, tal e como lle respondín o 21 de marzo, os beneficiarios, ata o número que a Consellería de Medio Rural convén, serán incluídos no convenio por orde rigorosa da data de presentación das solicitudes por parte dos concellos. A orde coincide, coa incorporación de Castro Caldelas, solicitude que aparece con data 08/02/2021 e que foi presentada por SIR con número de anotación de entrada 2021004829. Polo que a relación por orde de presentación a día de hoxe sería: A Merca, Melón, A Peroxa, Castro Caldelas, Taboadela, Gomesende, Entrimo, O Bolo, Pereiro de Aguiar, Vilar de Barrio, Baños de Molgas, Nogueira de Ramuin, Montederramo, Lobios.

- Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre cal foi o custo total da xornada sobre ‘Transparencia e bo goberno’ organizada pola Deputación de Ourense esta

semana. ¿Por que a Deputación de Ourense escolleu á Fundación Democracia y Gobierno Local para participar nesta xornada? ¿Cantos fondos públicos da Deputación de Ourense recibiu a Fundación Democracia y Gobierno Local, baixo calquera concepto, en relación con esta xornada? ¿A quen lle pagou axudas de custo e desprazamentos a Deputación de Ourense para participar nesta xornada e cal foi o custo en cada caso?

A Presidencia contesta que a xornada de Formación sobre Transparencia e bo Goberno, realizouse o mércores desta semana día 26 no Centro Cultural Marcos Valcárcel. Os custos da realización desta xornada formativa foron asumidos pola Fundación Democracia e Goberno Local, excepto os propios de realización da xornada nas instalacións do Centro Cultural Marcos Valcárcel e que inclúen a entrega dun maletín con documentación da xornada, un café para os participantes a media mañá e os gastos protocolarios habituais para os poñentes. A Fundación Democracia e Goberno Local é unha entidade sen ánimo de lucro constituída en 2002. Ano no que se incorporou a Deputación de Ourense. A súa finalidade é contribuír e dar soporte a todo tipo de actuacións e de iniciativas para o coñecemento, o estudo, a difusión e o asesoramento en materia de réxime local. Ao mesmo tempo, foi concibida como lugar de encontro e de intercambio no que deputacións, cabidos e consellos poidan por en común experiencias e coordinar esforzos para favorecer o desenvolvemento das súas funcións de cooperación e asistencia as entidades locais. A Fundación Democracia e Goberno Local está formada por 25 deputacións e cabidos de todas as cores políticas. A Deputación de Ourense forma parte da Comisión Permanente desta Fundación, e indica que levamos realizando estas xornadas de forma ininterrompida dende 2012. A relación de xornadas realizadas conxuntamente entre Fundación Democracia e Goberno Local e Deputación de Ourense dende 2012 son as seguintes:

Xornadas/webinarios	Data da xornada
Xornada de debate sobre o futuro das provincias	22 de xuño de 2012
<input type="checkbox"/> Transparencia e Gobernos locais <input type="checkbox"/>	17 de outubro de 2014
Conferencia de Presidentes provinciais	21-23 de marzo de 2014

Xornada sobre liderado político	6 de novembro de 2015
Xornada sobre: “O futuro das provincias”	13 de marzo de 2015
Xornada sobre: “As deputacións do futuro”	20 de maio de 2016
Transparencia e protección de datos no ámbito local	9 de xuño de 2017
Xornada sobre comunicación política	1 de xuño de 2018
<i>Compliance</i> e Gobernos locais	11 de marzo de 2021
Transparencia e bo goberno	22 de abril de 2022

A Deputación de Ourense como membro da Fundación limitouse, como cada ano, a facerlle fronte á cota da anualidade correspondente a 2022. Non se pagaron axudas de custo nin desprazamentos.

- Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre que na Comisión de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do pasado mes de xaneiro de 2022 ante as peticións de incremento orzamentario para os programas BenOurense 2022 (Infancia servizos complementarios – Infancia PAI – Persoal Técnico e Axuda no Fogar Básico) o presidente da comisión D. Plácido Álvarez Dobaño manifestaba tomar nota das achegas, no sentido de que os fondos se poden ampliar, sendo partidario de que estes asuntos “teñan prioridade incluso sobre as obras”. Posteriormente, no pleno de xaneiro deste ano 2022 no debate e aprobación destas bases dos programas BenOurense volvíamos solicitar un incremento orzamentario para eles xa que as bases se repiten ano tras ano pero a dotación orzamentaria diminuíu. Na intervención da deputada dona Luz Doporto indicaba que “a atención social é unha prioridade para este grupo de goberno”, engadindo “que se estaba a valorar a posibilidade de incrementar a dotación e finaliza indicando “que o compromiso do grupo de goberno de valorar o incremento da consignación destes programas e que estes programas son prioritarios para este goberno provincial”. Sobre este mesmo asunto e nese mesmo pleno é o propio presidente quen lee un informe dos técnicos sobre estes programas onde se detallan os orzamentos dos últimos anos nestes programas e os seus niveis de execución, que veñen demostrar que toca darlle unha volta para axustar as necesidades reais dos concellos. Para cando

está previsto o incremento comprometido para estes programas? Cales foron os motivos para que tal e como indicaron que era unha prioridade non se atendese esta petición de incremento nesta modificación orzamentaria 1/2022 que supera os 18 millóns de euros?

A Presidencia contesta que en data xaneiro de 2022 se analizou e informou sobre a evolución do cofinanciamento provincial dos servizos sociais municipais, situación que non mudou dende aquela. Nesa data dicíase que o cofinanciamento provincial levou a que, no último ano, 19 dos 91 concellos devolveron diñeiro do custo do SAF básico que prestan e noutros 11 a achega provincial superou o 80 % do custo do servizo, estando a disposición unha análise da evolución concello a concello nos últimos anos. Situación similar de baixa execución dáse nos programas benestar servizos técnico e SAF básico. Ante esta situación desde a Área de Benestar infórmase que se está a realizar un estudo profundo sobre o cofinanciamento provincial e a situación dos servizos sociais municipais cofinanciados pola institución provincial que:

- avalíe a situación de cada programa e as necesidades e posibilidades orzamentarias,
- estude as solicitudes manifestadas polos concellos e a evolución anual destas,
- analice a idoneidade de modificar e consensuar novos criterios de reparto, valorando outros parámetros de reparto primando, entre outros, o esforzo de cofinanciamento dos concellos
- expoña a modificación das bases reguladoras para que as renuncias municipais aos financiamentos programados poidan ser reprogramados para a súa asignación a outros concellos, así como os criterios para a súa reasignación,
- adapte os soportes tecnolóxicos, os procedementos administrativos e as relacións interadministrativas aos obxectivos marcados pola Axenda Dixital España 2025.

- Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta por que gastou a Deputación de Ourense 17.000 euros públicos en comprar centos de exemplares da revista Coralia, en concreto, un número desta revista que no momento de redactar esta pregunta non está á venda nin na páxina web nin en ningún quiosco dos consultados? considera adecuado o presidente da deputación pagar 35 euros públicos para cada exemplar da revista? con base a que se pagou ese prezo por unidade? cal é a relación do presidente da Deputación de Ourense coa empresa La Central Heladera? Ten algo que ver nesta compra masiva de revistas, que a única reportaxe dedicada exclusivamente a unha empresa da provincia e incluída nese

número de Coralia, sexa unha reportaxe da empresa ourensá La Central Heladera, un negocio familiar do presidente da Deputación de Ourense que xestiona a súa esposa e exdeputada do PP, María Josefa Caldelas?

A Presidencia contesta que foi con base a unha proposta formulada pola asesoría de Política Cultural da Deputación de Ourense que indica que: Coralia é unha revista de tendencias e actualidade, editada en Galicia con carácter trimestral, que ten unha importante difusión en todo o territorio español. Tendo en conta que o último número é un especial con 176 páxinas dedicadas á provincia de Ourense coa intención de dar a coñecer e promover as máis atractivas experiencias lúdicas e turísticas que hoxe en día se poden vivir nesta provincia. Contará con ampla información sobre o Entroido, a gastronomía, o termalismo, a literatura, distintas rutas turísticas e información sobre vilas da provincia, polo que se considera axeitado mercar unha cantidade de exemplares para usos institucionais e de difusión de aspectos importantes e referentes da nosa provincia. O prezo da publicación establéceo a empresa editora, que consultada ante a súa pregunta indica que “o prezo se fixa sumando os gastos de produción, salarios, impostos e beneficio para a empresa, restando achegas institucionais e dividido polo número de exemplares editados”. Sobre a relación da Presidencia contesta que ningunha, xa que o presidente da Deputación non ten ningunha participación na xestión, no control nin no capital social da dita empresa. E que en todo caso nada ten que ver, como deixei claro na pregunta anterior non é negocio familiar.

- Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta ¿Por que aínda non convocou a Deputación de Ourense o premio de xornalismo “Xosé Aurelio Carracedo” correspondentes a 2022?

A Presidencia dá lectura ao informe do asesor de comunicación no que indica que está previsto que no vindeiro 3 de maio coincidindo co día da liberdade de prensa se aproben as vindeiras bases e se sinalará a data da entrega do premio. Engade que se están a elaborar unas novas bases cun dobre obxectivo, por un lado potenciar máis este premio, e por outro avanzar na posta en valor do xornalismo.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Pregunta sobre si chegarían a tempo as infraestruturas previstas en Castrelo de Miño na modificación orzamentaria para a “Coupé de la Jeunesse 2022”?

A Presidencia contesta que o que vai na modificación é unha nova infraestrutura para o club, e o que foi nun pleno anterior é a pista de remo, e que si chegará a tempo e que xa estiveron os inspectores da competición.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Roga que se recuperen os debates sobre a política provincial na radio galega, e se recuperen as desconexións provinciais, tanto na TVG como na RG.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Roga que se modifiquen as bases para uso dos espazos deportivos desta DPO e se prioricen aos clubs que teñan xente moza, rapaces e rapazas.

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Roga que na comisión de patrimonio provincial, ademais de tratar o relativo ás obras na estrada provincial OU-0509 e as do albergue construído ao carón do Mosteiro de Oseira se traten tamén as actuacións que se están a facer na contorna do castelo de Monterrei, xa que se trata dunha actuación moi importante desde o punto de vista económico.

A Presidencia toma nota dos rogos formulados.

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Indica que na noite do 4 ao 5 de abril por fin entraron en funcionamento os canóns de innivación artificial de Manzaneda cunha temperatura de 1,5 ° e humidade relativa do 25 %, condicións similares ás do mes de xaneiro, pero que entón segundo respondeu a Presidencia, non eran axeitadas para o uso dos canóns. Así nesta primeira semana de abril parece que a estación de Manzaneda empezou e rematou a súa temporada de esquí. Pregunta que mudou nestes dous meses para que en condicións menos favorables se puidese xerar neve e cantos forfaits se venderon na xornada do 7 de abril de 2022 e cantos usuarios houbo na estación nese día de estrea na estación?

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Indica que nas derradeiras semanas houbo tala de árbores e apertura de camiños na estación de Manzaneda, entendendo que probablemente sexan necesarios para algunha das actividades propias da estación. Pregunta se existen todos os permisos e autorizacións municipais e sectoriais precisos para estas actuacións neste espazo natural?

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Roga sobre a recuperación de máis de 10.000 metros cadrados prevista no proxecto de innivación de Manzaneda, e na que se depositaron pedras e grava sacados dunha balsa, e que actualmente se atopan sen ningún tipo de protección e en erosión, e sobre un conxunto de pedras amontoadas ao longo dunha pista de esquí, xa que todas estas cuestións, cinco meses despois, están na mesma situación, polo que pide que se actúe e se lles pida algunha resposta aos responsables de MEISA.

A Presidencia indica que as cuestións formuladas polo deputado Aurentino Alonso serán respondidas por escrito.

- Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para indicar que o Grupo Socialista xa obtivo o seu titular ao recoller nas súas RRSS agora mesmo que Manuel Baltar, Gonzalo Jácome e a tráfuga Montse Lama votaron en contra de baixar o prezo dos carburantes, o que, segundo ela, é unha mentira, unha teatralización e unha manipulación. Rógalles que revisen os seus valores e non actúen así.

- Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre unha serie de cuestións do punto 5º da orde do día, en concreto sobre a partida para urbanización área de reparto no concello de Avión por importe de 250.000,00 €, indicando que figuras urbanísticas deben ser asumidas e executadas polos seus propietarios, polo que pide que se lles aclare esta cuestión. Tamén pregunta sobre a partida para “Libro de xogos populares en Beariz” por importe de 6.000,00 €, entendendo que se tratará dos gastos de edición, polo que pide que se aclare o obxecto desta subvención. En terceiro lugar pregunta se as obras subvencionadas neste expediente van a ser licitadas pola propia DPO ou polos concellos.

A Presidencia indica que remitirá as respostas por escrito.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

<http://depourense.seneca.tv/s/RrFkg78ljcBx7M6nxDI2l8ZDv4aOyqRgpmEPt1fVQdYC6WC>
[o.wmv](#)

SHA512

8823ec908d0fc99380ca86ac7b7390dcc08a874d43f8d02a3e2f95fdb56d8b9be86d848
27933efaec6fe620de5798fa42e14e302132c45f29ab61bf757c16cd1

E, ás 12.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.